

Aprobación definitiva ordenanzas 2012 de Cedeira (BOP de 28 de diciembre de 2011).

ANUNCIO

Adoptándose polo Concello Pleno, en sesión celebrada o 07 de novembro de 2011, o acordo de aprobación inicial, que foi exposto ao público no BOP de 09 de novembro de 2011, sen que produciran reclamacións durante o prazo de exposición pública.

En aplicación do previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e do propio acordo plenario, ao non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial a aprobación definitiva prodúcese de forma automática.

En cumprimento do previsto na lexislación vixente anunciase a modificación das seguintes ordenanzas, figurando anexos os textos íntegros das ordenanzas para a súa entrada en vigor.

- Modificación da Ordenanza Fiscal 1.3, reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Modificación da Ordenanza Fiscal 2.11 reguladora da taxa por prestación do servizo recollida de residuos
- Modificación da Ordenanza Fiscal 3.02 reguladora da taxa de vaos por entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, e de carga e descarga de mercadorías de calquera clase
- Modificación da Ordenanza Fiscais reguladoras da taxa pola distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e da taxa pola prestación do servizo de rede de saneamento e tratamento e depuración de augas residuais

Cedeira, 20 de decembro de 2011

O Alcalde,

Leopoldo Rubido Ramonde

ANEXOS

ORDENANZA FISCAL Nº. 1.3

Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Artigo 1º. - Fundamento

De conformidade co previsto no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda exercitar as facultades previstas na devandita Lei en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

No resto de cuestións relacionadas co procedemento de xestión tributaria, así como de calquera outro aspecto relativo á exacción e efectividade do Imposto estarase ao disposto nos artigos 92 e seguintes deste do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e as disposicións que a desenvolven e complementan.

Artigo 2º. - Suxeitos Pasivos

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, ao nome do cal conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 3º. Tarifas

1. De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, os coeficientes de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicables neste Municipio quedan fixados nos seguintes:

Potencias e clases de vehículos	Coeficiente
A. Turismos	
De menos de 8 cabalos fiscais	1,20
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	1,25
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	1,30
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	1,45
De 20 cabalos fiscais en diante	1,50
B. Autobuses	
De menos de 21 prazas	1,25
De 21 a 50 prazas	1,25
De máis de 50 prazas	1,30
C. Camións	
De menos de 1.000 Kg. de carga útil	1,20
De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	1,20
De máis de 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil	1,25
De máis de 9.999 Kg. de carga útil	1,35
D. Tractores	
De menos de 16 cabalos fiscais	1,20
De 16 ata 25 cabalos fiscais	1,25
De máis de 25 cabalos fiscais	1,35
E. Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
De menos de 1.000 e máis de 750 Kg. de carga útil	1,20
De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	1,25
De máis de 2.999 Kg. de carga útil	1,30
F. Outros vehículos	
Ciclomotores	
Motocicletas de ata 125 c.c.	1,20
Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	1,25
Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	1,30
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.	1,35
Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	1,50

Artigo 4º. Exencións

1. Estarán exentos do imposto todos aqueles supostos recollidos no artigo 93 do Real Decreto Legislativo 2/04, do 5 de marzo, polo que a aproba ou Texto Refundido dá Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. Para poder gozar das exencións a favor de discapacitados previstos no artigo 93.1.e) do TRLRFL os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio. Á citada solicitude os interesados deberán achegar o certificado ou resolución da minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo ante o Concello mediante a achega da Tarxeta de Inspección Técnica do vehículo ou dun Certificado da Xefatura Provincial de Tráfico no que se especifique claramente a cualificación do vehículo como especial para este tipo de transporte ou, en todo caso, unha declaración xurada do interesado, conforme ao modelo establecido polo Concello, relativa ao cumprimento das condicións necesarias para gozar do devandito beneficio fiscal.

3. No caso da exención contemplada no artigo 93.1.g) respecto de tractores e demais vehículos provistos de Cartilla de Inspección Agrícola o interesado deberá solicita-la súa concesión, presentando ademais a fotocopia da Cartilla de Inspección Agrícola expedida a nome do titular do vehículo.

4. En todo caso, as exencións previstas no presente artigo serán de aplicación e producirán os seus efectos, no seu caso, a partir do exercicio seguinte ó da solicitude, salvo nos casos de alta nova que poderase aplicar no mesmo exercicio da adquisición e está condicionada á non existencia de débedas pendentes do Concello por tódolos conceptos e a estar empadroado o solicitante no Concello de Cedeira, e de contar con seguro en vigor para o vehículo referido no momento da solicitude da exención.

Artigo 5º. Bonificacións

1. -Gozarán dunha bonificación do 100 por 100 da cota do imposto os vehículos catalogados como históricos en virtude do disposto no Real Decreto 1247/1995, do 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos e demais normativa concordante, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñece, da data da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar. Esta bonificación terá efectos a partir do devengo do imposto seguinte a aquel en que se cumpran os 25 anos de antigüidade do vehículo e deberá ser solicitada polos interesados achegando a documentación xustificativa.

2. - Terán unha bonificación do 50 % na cota do imposto os vehículos eléctricos, eléctrico-diesel, ou eléctrico gas, de biodiésel ou movidos por hidróxeno durante os cinco anos naturais contados desde a data da primeira matriculación do vehículo. Os interesados deberán solicita-la bonificación e achega-la ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

A presente bonificación producirá os seus efectos, non seu caso, a partir do exercicio seguinte o dá solicitude, salvo nos casos de alta que tamén se aplicará na autoliquidación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da aplicación da presente Ordenanza Fiscal, quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango opóñanse ao disposto nesta, e en especial a Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, publicada definitivamente no BOP 295 de 24 de decembro de 2007.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ORDENANZA FISCAL 2.11 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO RECOLLIDA DE RESIDUOS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que apróbase o texto Refundido da lei das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo recollida, transporte e tratamento de residuos, que se rexerá pola presente Ordenanza e demais normativa de aplicación.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible desta taxa a actividade administrativa, de recepción obrigatoria, da prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen, utilicen ou dispoñan de vivendas ou locais suxeitos á taxa sexan a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario, ou incluso de precario.

2.-Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles beneficiarios do servizo.

Artigo 4º. Exencions e bonificacións

So admitiranse os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 5º. Cota tributaria

1.-A cota Tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de inmovible o local, que se determinará en función da natureza ou destino dos inmovibles.

2.-A tal efecto, aplicarase as seguintes tarifas:

Epígrafe	Concepto	Cota anual	Mínimo
1.1	Vivendas recollida en zona urbana	63,00 €	
1.2	Vivendas recollida no resto de zonas	47,00 €	
2.1	Bares, restaurantes, salas de festa e similares (por m2)	2,20 €/ m2	140,00 €
2.2	Comercios de alimentación, autoservizos e supermercados (por m2)	2,95 €/ m2	180,00

			€
2.3	Residencias, pensións, e outros establecementos hoteleiros e similares		
2.3.1	Ata 5 prazas↵	116,00 €	
2.3.2	De 6 prazas en adiante, por praza↵	11 €/praza adicional	
2.4	Locales adicados a Centros de ensino, estudos, despachos, oficinas e similares	1,10 €/ m2	60,00 €
2.5	Outros establecementos non tarifados expresamente	1,30 €/ m2	140,00 €

3. -Normas específicas.

a) No caso das vivendas, tributarán pola taxa aínda que non estean ocupadas. A solicitude do interesado, mediante informe elaborado por técnico competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberáse renovarse e acreditarse a baixa no padrón. En caso de agrupación ou división de vivendas, deberáse achegar igualmente o informe técnico que o acredite. A emisión do informe correspondente polos técnicos municipais suporá unha taxa foxa de 20,00 €

b) No caso de locais do epígrafe 2.1, para o cómputo da superficie afecta a actividade ademais da destinada ao público, a adicada a cociñas, aseos, e as terrazas interiores e exteriores en terreo privado.

c) No caso de locais do epígrafe 2.2, para o para o cómputo da superficie afecta a actividade incluírase a adicada a almacéns e outras dependencias accesorias a actividade principal.

d) Cando por un mesmo local se veñan desenvolvendo actividades que tributen en distintos conceptos, pagarase a tarifa correspondente á actividade cuxa tarifa sexa maior.

Artigo 6º. Devengo

1. Devengarase a Taxa e nacera a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de residuos.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producirá o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcurrido o devengo.

Artigo 7º. Xestión

1. O cobramento das cotas efectuarase anualmente mediante recibo derivado do padrón, liquidación ou autoliquidación, nos casos que correspondan.

2. De conformidade co artigo 102 da Lei 58/2003, Xeneral Tributaria, cando se presente unha alta ou se comunique a incorporación no padrón correspondente, non será necesaria a notificación de liquidacións posteriores e incorporaranse directamente os datos correspondentes aos padróns fiscais.

3. Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente

declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda.

4. A Administración poderá comprobar a realidade dos datos achegados polo interesado así como calquera outros que haxan de servir de base para o cálculo da cota correspondente e practicará, se fose procedente, a liquidación oportuna.

5. Cando se coñeza, de oficio ou por comunicación dos interesados, calquier variación dos datos figurados no padrón do tributo, levaráanse a cabo as modificacións correspondientes. As alteracións ou variacións que supoñan cambio de tarifa, terán efectos no trimestre natural no que se produzan.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Manteráse a vixencia da ordenanza da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, publicada definitivamente no BOP 295 de 24 de decembro de 2007 para a aprobación e xestión do padrón de basuras correspondente ao exercicio 2011.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Exclusivamente para 2012, aplícarase o seguinte cadro de tarifas, en substitución das establecidas no artigo 5.2

Epígrafe	Concepto	Cota anual	Mínimo
1.1	Vivendas recollida en zona urbana	50,40 €	
1.2	Vivendas recollida no resto de zonas	37,60 €	
2.1	Bares, restaurantes, salas de festa e similares (por m2)	1,76 €/ m2	112,00 €
2.2	Comercios de alimentación, autoservicios e supermercados (por m2)	2,36 €/ m2	144,00 €
2.2.1	Comercios de alimentación, autoservicios e supermercados (de máis de 100 m2, por cada m2)	2,95 €/ m2	180,00 €
2.3	Residencias, pensións, e outros establecementos hoteleiros e similares		
2.3.1	Ata 5 prazas-	92,80 €	
2.3.2	De 6 prazas en adiante, por praza-	8,80€/praza adicional	
2.4	Locales adicados a Centros de ensino, estudos, despachos, oficinas e similares	0,88 €/ m2	48,00 €
2.5	Outros establecementos non tarifados expresamente	1,04 €/ m2	112,00 €

DISPOSICION DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior ordenanza que regulaba a taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, publicada definitivamente no BOP 295 de 24 de decembro de 2007

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE VAOS POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, E DE CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

ARTIGO 1: FUNDAMENTO E NATURALEZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Excmo. Concello de Cedeira establece a taxa de vaos por entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, e de carga e descarga de mercadorías de calquera clase, ó que se refire o artigo 20.3 do propio Real Decreto Legislativo na súa letra h), e cuxas normas atenden ó previndo no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo.

ARTIGO 2: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa o aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras reservas análogas.

ARTIGO 3: SUXEITO PASIVO

3.1. Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/03, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.

3.2. En todo caso, serán substitutos do contribuínte propietarios dos terreos e locais ós que dea acceso estas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4: RESPONSABLES

4.1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/03, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4.2 Serán responsables subsidiarios as persoas ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/03, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5: BENEFICIOS FISCAIS

So se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 6: BASE IMPOÑIBLE

As tarifas a aplicar serán as seguintes:

1. Entrada a locais destinados a garaxes públicos considerados como tales no imposto de actividades económicas, ó ano por plaza: 10,00 €.
2. Entrada a locais, destinados a garaxes individuais ou vivendas unifamiliares ó ano: 20,00 €.

3. Entrada de vehículos en aparcamentos ou garaxes colectivos (comunidades de propietarios), ó ano por plaza: 7,00 €.(Mínimo 21,00 €).

4. Entradas de vehículos en talleres ou locais comerciais ou industriais ó ano por metro lineal ou fracción: 20,00 €.

5. Reserva de espazos nas vías de e terreos de uso público.

Para carga e descarga, por cama metro lineal ou fracción ó ano:

5.1. Reservas durante 4 horas ó día como máximo: 20,00 €.

5.2. Reservas durante 8 horas ó día como máximo: 30,00 €.

5.3. Reservas durante as 24 horas do día: 40,00 €.

6. Por cada placa de vado: 30,00 €

7. Por cada placa de outras reservas de espazos: 70,00 €

ARTIGO 7: DEVENGO

7.1. A taxa devengarase cando se solicite a autorización ou concesión do aproveitamento especial, prorrateándose por trimestres naturais.

7.2. Cando se producira a utilización do aproveitamento especial sen solicitar licenza, o devengo da taxa terá lugar no momento do inicio de aquel aproveitamento.

7.3. Tratándose de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de xaneiro devengarase a taxa, salvo os casos de baixa nos que se prorrateará a cota por trimestres naturais.

ARTIGO 8: XESTIÓN

8.1. Cando se trate de aproveitamentos non prorrogables a outros anos, novos aproveitamentos ou ampliacións de licenzas xa autorizadas liquidarase e esixirase a taxa en Réxime de autoliquidación no momento da solicitude. Este ingreso terá o carácter de depósito previo, de acordo co disposto no artigo 26.1 do Real Decreto Lexislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elevándose a definitivo ó concederse a autorización ou concesión da licenza correspondente.

8.2. Cando se trate de aproveitamentos prorrogados, liquidarase a taxa e esixirase mediante aprobación do correspondente padrón nos períodos que oportunamente se sinalen.

Este padrón formarase anualmente polos servizos económicos do Concello e estará constituído por censos que comprendan os suxeitos pasivos, o seu domicilio, o local onde se establece vao e as súas datas de alta e baixa.

8.3. Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda tomando como data a do inicio do aproveitamento, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 9: INGRESO

O pago da taxa regulada nesta ordenanza realizarase mediante autoliquidación, liquidación ou recibo, emitido polo Concello ou Deputación Provincial da Coruña.

ARTIGO 10: INFRACCIÓNS E SANCIÓN TRIBUTARIAS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e na normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11: NORMAS DE XESTIÓN

11.1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización do aproveitamento do dominio público municipal ó que fai referencia esta ordenanza realizarán o ingreso da autoliquidación que terá o carácter de depósito.

No caso de existir diferenzas entre os importes declarados e os existentes, se emitirán as liquidacións complementarias que procedan, sen perxuício da regularización polos propios suxeitos pasivos mediante autoliquidación.

11.2. No caso de denegarse a solicitude de autorización, o interesado poderá solicita-la devolución do ingreso, sempre que non se houbera efectuado dito aproveitamento.

11.3. Unha vez autorizada a licenza de aproveitamento, e no caso de que na solicitude se solicitara a prórroga da mesma, esta entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa do interesado ou se acorde a súa caducidade polo órgano competente do Concello. As liquidacións posteriores realizaranse a través do padrón municipal.

11.4. Os aproveitamentos entenderanse sempre concedidos en precario e sen prexuízo de terceiros. O suxeito pasivo non poderá solicitar indemnización algunha cando o Concello acorde retirar-la licenza por motivos de tráfico, circulación, urbanísticos ou de outra índole.

11.5. Os titulares das licenzas para vaos deberán proveerse no Concello das placas regulamentarias para a sinalización do aproveitamento mediante o pago do seu custe establecido na presente ordenanza. Nas placas constará o número da licenza e o titular da mesma.

11.6. Cando finalice o aproveitamento, os suxeitos pasivos presentarán a solicitude de baixa correspondente tendo efectos tal declaración no período impositivo seguinte. A non presentación da solicitude da baixa suporá a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

As modificacións que introduzan na regulación desta ordenanza as Leis de Presupostos Xerais do Estado ou calquera outra Lei ou disposición e que resulten de aplicación directa, producirán, de se-lo caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior ordenanza que regulaba a taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas privado e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, publicada no Boletín Oficial da Provincia o 30 de decembro de 1998.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ORDENANZA FISCAIS REGULADORAS DA TAXA POLA DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE E DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE REDE DE SANEAMENTO E TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

DISTRIBUCIÓN DE AUGA:	COTA
A). Abonaos domésticos:	Euros/m3
Consumo ata 45 m3/trimestre	0,386907
Consumo superior a 45 m3/trimestre	0,488572
B). Aboados industriais e locais:	
Consumo ata 60 m3/trimestre	0,513988
Consumo superior a 60 m3/trimestre	0,577529
C). Conservación e mantemento de contadores:	
Contadores ata 13 m/m	0,177912
Contadores ata 20 m/m	0,381239
Contador maior de 20 m/m	1,118302
D). Conservación de acometidas de auga:	
Tarifa única	0,177912
SANEAMENTO:	
A). Aboados domésticos:	
Consumo ata 45 m3/trimestre	0,298909
Consumo superior a 45 m3/trimestre	0,298909
O mínimo desta tarifa será de 45 m3/trimestre	
B). Aboados industriais e locais:	
Consumo ata 60 m3/trimestre	0,298909
Consumo superior a 60 m3/trimestre	0,298909
O mínimo desta tarifa será de 60 m3/trimestre	
C). Conservación de acometidas de alcantarillado:	0,212941

A todas as tarifas contempladas se lles aplicará o IVE vixente (na actualidade o 8% para auga e saneamento e o 18% para conservación).